

CEDRO

**CONCELLERÍA
DE
POLÍTICA
SOCIAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE MÉDICOS DO MUNDO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN SOCIOSANITARIA DESTINADO A PERSOAS DROGODEPENDENTES EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL EN VIGO. ANO 2019-2021

CONVOCATORIA

Bases reguladoras

As Bases reguladoras do Convenio de colaboración coa entidade Médicos do Mundo para o desenvolvemento dun programa de intervención sociosanitaria destinado a persoas drogodependentes en situación de exclusión social en Vigo – anos 2019-2021, foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo do 4 de xullo de 2019.

Crédito presupostario.

Polo período de vixencia do convenio (2019-2021), o Concello de Vigo aportará a cantidade de 150.000,00 euros, a razón de 50.000 euros/ano e financiaranse con cargo á aplicación presupostaria nº 3112.489.00.01 - Convenio educación na rúa con Médicos del Mu.- do vixente exercicio económico.

Obxectivo, finalidade e destinatarios.

As bases aprobadas teñen por obxecto a regulacións dos termos de concesión de subvención directa, prevista nominativamente nos presupostos xerais do Concello de Vigo a favor da “Asociación Medicos del Mundo” para a prestación dun programa de intervención sociosanitaria destinado a persoas drogodependentes en situación de exclusión social en vigo.

Réxime de concesión.

Directa.

Instrución e resolución: órganos competentes.

A Concellería de Política Social será a encargada da instrución do procedemento de concesión da subvención. A Xunta de Goberno Local acordará a aprobación.

Publicidade.

Unha vez aprobado o convenio mediante acordo da Xunta de Goberno Local, publicarase na páxina web municipal. O Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións.